

CORNAMENTAS DE CÉRVIDOS
Museo Pazo de Tor



Desde antigo considéranse os cornos dos cérvidos como afrodisíacos, sendo indicativo da súa potencia o tamaño, a lonxitude e o número de puntas. ¿Haberá, como quere a mitoloxía popular, algunha correlación entre o tamaño dos cornos e a capacidade espermática dos animais que os portan?

A CARIDADE ROMANA
Anónimo Séc. XIX / Óleo sobre lenzo (probablemente, copia dunha obra de Murillo) / Museo Pazo de Tor.



Escena que representa un home ancián, encadeado inxustamente e condenado a morrer de fame, no momento no que o socorre a súa propia filla dándolle de mamar do seu peito. Aínda que no mundo greco-romano era a icona da Piedade Filial ou Caridade Romana, noutros imaxinarios achéganos á lactación erótica ou ao incesto.

CLAUDIO FOLLO ASASINA A PHOEBUS
Anónimo S. XIX / Litografía coloreada sobre papel / Museo Pazo de Tor



Escena de Notre Dame de París (1831), obra de Victor Hugo, máis coñecida polo seu personaxe principal Quasimodo ou O xorobado de Notre Dame. Os personaxes representados son Claudio Follo (crego que adopta e cría o deforme Quasimodo), A Esmeralda (xitana ambulante da que se namoran todos os homes), o capitán Froebus e a cabra Djali. No escena, o celoso Claudio Follo crávale un puñal nas costas a Phœbus cando este íntima con Esmeralda.

CUNCHA
Material orgánico / Museo Provincial do Mar



Venera, cuncha de ameixa de gran tamaño (Tridacna xigante). A cuncha representa a Venus (a Afrodita grega) pois disque naceu da escuma das ondas do mar fecundadas por Urano e navegou sobre unha cuncha. Venus é a deusa romana do amor, da sensualidade, da beleza e da fertilidade. Representa o ideal da beleza feminina.

JUDITH E HOLOFERMES
Anónimo S. XVIII / Óleo sobre lámina de cobre / Museo Fortaleza San Paio de Narla



A escena representa o episodio bíblico no que se conta como Judith, muller fatal, decapita a Holofermes. Judith de Betulia, viúva rica e fermosa, seduce a Holofermes, xeneral xefe do exército asirio que oprimía o pobo de Israel. Unha noite de festa e excesos alcohólicos, Judith entra no cuarto de Holofermes na compañía dunha criada, córtalle a cabeza e despois foxe co trofeo nun saco para expoñelo, para xúbilo da poboación, sobre os muros da cidade.

MULLER EN ÉXTASE
Anónimo español / S. XVIII / Óleo sobre lenzo/ Museo Provincial de Lugo



O éxtase é un estado de plenitude emocional e de embargamento dos sentidos que dura un tempo máis ou menos prolongado. Tanto pode ser causado por unha iluminación mística como polo pracer sexual.

PENDENTIF (Cupido)
Anónimo (1860-1875) / Talla en ebonita (pasta sintética que imita o acibeche) / Museo Provincial de Lugo



Neste pendentif (medallón para pendurar do pescozo ou do pulso) aparece a imaxe de Cupido, o deus romano do desexo que medra ata facerse mozo cando no amor hai paixón. Cupido, o Eros grego, soe representarse como un neno con ás cun arco e frechas, ou, como nesta escena, cunha grilanda.

PIPA (serea)
Anónimo. S. XIX / Talla. Tubo e cazoleta de escuma de mar con boquiña de pasta / Museo Provincial de Lugo



A voz musical das sereas (mulleres fermosas con cola de peixe) hipnotiza os homes. As antigas sereas eran mulleres aladas, pero despois de perder unha competición de canto contra as Musas botáronse ao mar. Ulises (Odisea, XII, 39) consegue resistir a atracción da voz das sereas facendo que o aten ao mastro da embarcación.

PRIMAVERA
Talla en alabastro / Anónimo. S. XX / Museo Pazo de Tor



Probable alegoría da primavera coa imaxe de Venus, deusa romana do amor carnal, e o seu fillo Cupido, o deus romano do desexo amoroso.

SANTA ÁGUEDA
Luca Giordano (Nápoles, 1634-1705) / Século XVII / Óleo sobre lenzo / Depósito Museo Nacional do Prado / Museo Provincial de Lugo



Santa Águeda, virxe e mártir cristiá, foi sometida a tan terribles tormentos que cando expirou gritou de contento. As súas desgrazas comezan ao rexeitar as pretensións amorosas dun senador romano, quen primeiro a envía a un prostíbulo, onde, sorprendentemente, consegue manterse virxe e logo manda que lle corten os peitos. É protectora das mulleres e avogosa contra os males do peito, partos complicados ou problemas de lactación.

SUSANA E OS VELLÓS
Anónimo. S. XIX / Óleo sobre lenzo / Museo Pazo de Tor



Escena de inspiración bíblica (Libro de Daniel, cap. 13) que representa a Susana, muller moza e fermosa, casta e casada, cando é contemplada por dous vellos mentres se baña. Como rexeita as relacións sexuais que lle propoñen, os vellos acúsana de adulterio, delito castigado entón coa lapidación. Cando se demostra a falsidade da acusación quen son lapidados son os dous chantaxistas. Para a igrexa católica da Idade Media pasou a ser Santa Susana de Babilonia, símbolo da pureza e da castidade; no Renacemento e no Barroco, non obstante, pasou a representar a muller sensual que nos achega ao voyeurismo e ao exhibicionismo como variantes eróticas.

ESPIDO
Antonio Insua Bermúdez (Vilalba, 1910-1954) / 1931 / Óleo sobre lenzo / Museo Provincial de Lugo



O espido é, probablemente, o xénero artístico máis importante da arte no mundo occidental desde a antigüidade ata a actualidade, aínda que para a igrexa fose, especialmente na Idade Media, o símbolo do mal e do pecado. Neste espido de muller predomina, alén da beleza idealizada, o estudo anatómico dun corpo de muller, concibido para ser contemplado.

ESPIDO DE MULLER
Julia Minguiullón Iglesias (Lugo, 1906-Madrid, 1965) / Óleo sobre lenzo / Museo Provincial de Lugo



ESPIDO DE MULLER DEITADA
Julia Minguiullón Iglesias (Lugo, 1906-Madrid, 1965) / 1930-1931 / Óleo sobre lenzo / Museo Provincial de Lugo



Nestes espidos de Julia Minguiullón, nos que retrata mulleres correntes, a preocupación polo estudo anatómico non dilúe, especialmente no caso do espido da muller deitada, unha aposta pola pose sensual. Trátase de espidos realistas que foxen da idealización académica das décadas precedentes.

FIGURA FEMININA CON NENO
Anónimo. S. XIX / Gravado sobre papel / Museo Pazo de Tor



No século XIX renace o interese polo espido realista feminino, tomando como modelos mozas e mulleres fermosas convertidas en obxecto de desexo sexual. Non obstante, que forme parte da escena un neno espido dilúe o efecto sensual.

INTERIOR DO ESTUDO
L. D. Tenreiro / Óleo sobre cartón (1968) / Museo Provincial de Lugo



Os espido feminino, ademais de servir de exercicio para o estudo anatómico do corpo feminino, representa o ideal da beleza. Neste estudo de pintor amósanse, entre outras moitas obras, tres espidos de muller en diferentes posturas.

MULLER (estudo)
Manuel Bujados (Viveiro, Lugo 1889-B. Aires 1954) / Debuxo a lapis sobre papel / Museo Provincial de Lugo



O artista íspese de prexuízos e hipocrísias e debuxa corpos espidos, tanto masculinos como femininos, coma neste caso, sen finximentos: alegre, sensual, provocativa, erótica ...

O PINTOR E A MODELO
Antonio Fernández (Goñán, Pontevedra 1882-1970) / Óleo sobre lenzo (1929) / Museo Provincial de Lugo



Aparentemente doce, tenra e inocente, provoca atracción serea, sensualidade compartida. O encanto do espido da muller que ademais de modelo é a amante do artista.

PRINTEMPS (primavera)
Josep Monpou (Barcelona, 1888 - Vich, 1968) / Óleo sobre lenzo / Museo Provincial de Lugo



O espido da muller como símbolo asociado á estación máis sensual, a primavera. Espidos que máis que provocar algunha sensación erótica, evocan e activan a imaxinación do espectador cara á poética do bucólico.

SOFÁ CONFIDENTE
Museo Pazo de Tor



Compartir confidencias (tratar con discreción ou reservadamente sentimentos, asuntos e informacións) presupón lealdade, confianza e intimidade. O goce que deriva da sensualidade, da sexualidade, do amor e do erotismo acrecentanse co uso do mobiliario ideado para a intimidade.

MAMADEIRA
Cerámica de Bonxe / Museo Fortaleza San Paio de Narla



A pesar da forma, este obxecto ten a función de auxiliar a nai (en caso dalgun tipo de impedimento) na lactación do seu bebé. Fóra de contexto, non obstante, é precisamente a súa forma de mama a que pode provocar ou influír no desexo sexual dalgunhas persoas.

AMULETO FÁLICO
Bronce / S. I-IV d. C. / Museo Provincial de Lugo



Amuleto fálico, chamado polos romanos fascinus ou fascinum. No mundo clásico expúñanse representacións de falos con ollos, con ás, con pernas ... por todas partes como colgante ou anel, nas encrucillas, nas portas e interior das casas ... Empregábanse para protexer e exorcizar meigallos tan temidos como o mal de ollo. Un concepto de erotismo relixioso que non superou a doutrina represora do Medievo.

LUCERNA (Apolo e Dafne)
Pedra / Museo Provincial de Lugo



A lenda narrada nas Metamorfoses de Ovidio conta o episodio en que Apolo pretende ocuparse dos traballos de Eros como deus do amor. Eros, encabúxase e fai que Apolo se namore da ninfa Dafne e que Dafne o rexeite. Apolo persegue a Dafne, que foxe ata que se transforma en loureiro. Apolo, namorado, abrázase ao loureiro e decide que as coroas que recoñecen as vitorias dos heroes sexan de ramallos desta árbore.

TORSO FEMININO
Jaime Otero Camps (Mahón, 1888-barcelona, 1945) / Mármore / Museo Provincial de Lugo.




Conforme ao Canon de Policlete, a beleza reside non na proporción dos elementos constituintes, senón na proporcionalidade das partes. O corpo humano espido é un ideal de perfección matemática que provoca gozo e xera optimismo.

POSTAIS
Museo Pazo de Tor



Serie de 10 postais que, de xeito secuencial, amosan unha escena galante ou de sedución entre dúas mulleres, unha delas vestida de home. Baixo o título xenérico *Garde française et bouquetière*, as imaxes ambiguas que conforman esta *Histoire sans paroles* foron realizadas por Walery.



Museo Pazo de Tor
Artistas, modelos en roupa interior, etc. ilustran unha valiosa colección de postais, a maioría delas francesas e de comezos do século XX, moi atrevidas para a época en que foron realizadas.

TAPIZ
Anónimo / S. XIX / Algodón / Museo do Pazo de Tor



Escena inocente en aparencia, ten un significado máis profundo e de contido erótico que se descobre nos abanos. Por medio da súa linguaxe, sabemos que a muller sentada indica que está disposta a aceptar as proposicións do home que a mira, mentres que a que o leva aberto amosa o seu estado fervente, fogoso e ardente, non sabemos se dela, da súa parella ou dos dous.

TAPIZ
Anónimo / S. XVIII / Algodón / Museo Fortaleza de San Paio de Narla



O erotismo pode ter como preludio un xogo inocente. Actividades como patinar en grupo varias parellas constituían, en certos contextos históricos, un marco ideal para desenvolver a galantería e a coquetería, creando un ambiente ideal para o flirteo e a sedución.

ABANO
Anónimo / c. 1850 / Papel, marfil e prata. Litografía coloreada con acuarela/ Museo Pazo de Tor



O país ou tela deste abano amosa unha escena cortés de ambiente oriental que parece inspirada nun relato de *As mil e unha noites* e na que se observa un gusto polo exotismo que supón a temática deste tipo. Para Florián de Ocampo (s. XV-XVI) os musulmáns “*eran os amantes máis tenros, máis submisos e máis apaixonados.*”

ABANO
Anónimo / 1860-1875 / Litografía e talla. Lenzo e cuncha de carei / Museo Provincial de Lugo



País decorado cun tema galante que se desenvolve nun marco campestre, moi do gusto da época.

FUSTAS
Tres fustas fabricadas en coiro e pezuño, marfil e prata na súa cor / Museo Pazo de Tor



Trátase dun dos símbolos eróticos máis suxestivos para as persoas que asocian o pracer coa dor, xa provocándoo (sadismo) ou soportándoo (masoquismo) e que convarten nunha arte o goce obtdio deste xeito. Existe un tipo de fustas coñecidas como “Picha de touro” porque son elaboradas co vergallo deste animal.

CADEIRAS DE MONTAR
Museo Pazo de Tor



En certas prácticas, o erotismo enténdese como unha relación de dominación na que o suxeito dominado é “montado” polo dominador, relación que estas cadeiras de montar, unha de home e outra de muller, pretenden simbolizar.

CABARETEIRAS
Anónimo / S. XIX / Litografía coloreada sobre papel / Museo Pazo de Tor



As cabareteiras foron, a finais do século XIX e comezos do XX, unha das iconas da vida alegre. Estas láminas, na liña de Toulouse Loutrec, amosan dúas mulleres daquela época, na que a profesión de artista estaba asociada á libertinaxe.

PARISINAS
Arturo Souto (Pontevedra, 1902- México, 1964) / 1931 / Litografía / Museo Provincial de Lugo



París foi durante moito tempo a capital da vida nocturna. Moitos pintores atoparon neste ambiente a súa fonte de inspiración, empregando como modelos as mulleres deste mundo da noite.

INTERIOR GALEGO
Arturo Souto (Pontevedra, 1902- México, 1964) / Augada sobre papel / Museo Provincial de Lugo



Lonxe das modelos de academia están as modelos de ambientes máis sórdidos, se cadra habituais para o artista, pois non dubida en aparecer tamén na composición.

SEN TÍTULO
Luciano Couselo Castro (Santiago de Compostela, 1950) / 1975 / Debuxo a pluma e acuarela / Museo Provincial de Lugo



O sexo entre mulleres tivo sempre unha gran carga erótica para os homes, que poden chegar a gozar simplemente mirando.

PIPA
Tubo e cazoleta de escuma de mar e boquiña de pasta / S. XIX / Talla / Museo Provincial de Lugo



Ademais do que lle proporcionaba o tabaco, o fumador que empregaba esta

pipa atopaba tamén pracer na visión, e pode que tamén no tacto, dunha muller espida, motivo tanto decorativo como “estimulante”.

SEN TÍTULO
Ramón Bouzá (Uruguai, 1899-1969) / Arxila / Museo Provincial de Lugo



A danza, pola súa carga erótica, empregouse dende moi antigo como un medio de sedución. Os seus movementos axudan a marcar formas e poden resultar moi provocativos para un espectador “atento”.

ESPIDO (estudo)
Manuel Bujados (Viveiro, 1889-1954) / Debuxo a lapis sobre papel / Museo Provincial de Lugo



Estas tres obras de Bujados teñen como denominador común, ademais de tratarse de debuxos a lapis sobre papel, ser estudos anatómicos de homes en diferentes posturas. Delas destaca, especialmente, o que representa a un home de pé, bosquexo para a obra *O soño adolescente*.

ESTUDO
Manuel Bujados (Viveiro, 1889-1954) / Debuxo a lapis sobre papel / Museo Provincial de Lugo



O tema da homosexualidade queda patente neste debuxo, obra certamente atrevida en canto que parece suxerir unha relación entre catro homes pero tratada dun xeito moi delicado.

O SOÑO ADOLESCENTE
Manuel Bujados (Viveiro, 1889-1954) / Técnica mixta sobre papel / Museo Provincial de Lugo



A moral tradicional asociou sempre o sexo e o pracer co pecado. Esta obra, cargada de simbolismo, expresa a fantasía onírica dun adolescente, condicionado polos prexuízos relixiosos, que se debate entre a pureza, equivalente ao ceo, e a luxuria, sinónimo de inferno.

UN INSTANTE QUE DURA ANOS
Roberto González Fernández (Monforte, 1948) / Debuxo sobre papel / Museo Provincial de Lugo



Ás veces unha ollada é suficiente para entender o que non se pode ou non se quere dicir con palabras. Neste caso, a forza da mirada é expresiva dabondo para deixar ao descuberto un desexo reprimido entre os dous homes representados.

TORMENTA DE VERÁN
Ramón Conde (Ourense, 1951) / Escultura en madeira / Museo Provincial de Lugo



Ao longo da historia o canon estético foi moi diferente, se ben sempre se mantivo o dualismo entre o apolíneo, símbolo da mesura, e o dionisiaco, representativo do exceso. Non obstante, o título desta peza parece suxerir un nubeiro ou unha nubeira (seres míticos que provocan as treboadas), dada a súa ambigüidade sexual.

BUSTO DE MULLER
Fábrica Royal Dux de Bohemia (República Checa) / Primeiro terzo do século XX / Biscuit de porcelana fina policromada / Museo Provincial de Lugo



O rostro deste busto destaca pola súa serea beleza, pero tamén pola súa sensualidade, posta de manifesto nunha mirada ensimesmada, acompañada dun leve sorriso, que se traduce nunha expresión cativadora. A ornamentación que loce na súa cabeza, probablemente unha orquídea coñecida como *Zapatilla de Venus*, contribúe a darlle un toque de exotismo que acrecenta o seu magnetismo.

LUCERNA
Cronoloxía e procedencia descoñecida / Pedra? / Museo Provincial de Lugo



Esta lámpada de aceite amosa, como motivo decorativo no seu disco, unha escena de sodomización. O menor tamaño de dúas das figuras representadas fai pensar se estamos diante dun acto de pederastía ou pedofilia.

PUBLICACIÓNS
Fondos da Biblioteca do Museo Provincial de Lugo



Libros de arte, ensaios, catálogos de exposicións e as poesías de Catulo conforman a colección de libros sobre este tema existentes na biblioteca do Museo Provincial de Lugo, fondos aos que hai que engadirles unha colección de revistas (*Barrabás* e *La Codorniz*), publicacións periódicas caracterizadas, entre outros aspectos, por ofrecer nos últimos anos do franquismo algunhas imaxes atrevidas para a época.

COREOGRAFÍA DUNHA DOBRE VENTÁ
(2001-2007), de Félix Fernández Fernández (3' 41")



Mentres un esforzado Félix Fernández intenta estudar, o exterior do seu cuarto é invadido por andamios e obreiros que fan imposible o seu traballo. O artista recícla o caos xerado arredor festexando a recóndita, elegante e violenta beleza da supervivencia.

Sensualidade e Erotismo
nos Museos da Rede Museística da Deputación de Lugo

12.xullo>30 setembro>2012 Museo Provincial de Lugo

A través destas obras e pezas seleccionadas de entre os fondos dos catro museos que conforman a Rede Museística da Deputación de Lugo, tentamos chamar a atención do visitante sobre a sensualidade e o erotismo nas obras de arte. Trátase dunha mostra monográfica aínda que plural, diacrónica e polifacética, desde propostas técnicas e postulados sociais, ideolóxicos e relixiosos, en moitos casos, incompatibles.

Unha parte das obras e obxectos que se amosan forman parte da exposición permanente dos catros museos pero outras proveñen dos almacéns, polo que, ademais, esta é unha oportunidade única para coñecer estes fondos.

A arte procurou case sempre o goce do espectador, estimular os seus sentidos, pero non, necesariamente, consigue provocar o mesmo efecto en cada un deles. A nosa bagaxe cultural e as nosas experiencias activan fantasías que acaban conformando imaxinarios diferentes. Vemos e sentimos diferente porque distinta é a nosa resposta ás incitacións, onde algúns podemos transformar certos estímulos en prazenteiros, outros poden reaccionar con rexeitamento ou indiferenza.

Esta mostra é representativa de diferentes sensibilidade en distintas épocas, desde o mundo clásico ata a actualidade. O amor e o erotismo mitolóxico, relixioso, heterosexual ou

homosexual, galante ou coqueto, os espídos, os equívocos, os tópicos e os prexuízos, o sensualismo irrevemente, o reprimido e o provocado... todo un mosaico de suxeccións para os sentidos.

Esta exposición rematará alá contra o outono co desenvolvemento dunhas xornadas sobre o erotismo en diferentes disciplinas (cine, literatura, arquitectura, música, fotografía, gastronomía...) abertas ao público en xeral e nas que intervirán coñecidos especialistas.

Por último, e en nome das traballadoras e traballadores dos museos da Rede da Deputación de Lugo que colaboraron con entusiasmo neste proxecto, queremos agradecerche a ti, prezado visitante, que nos honrases coa túa presenza.

Antonio Reigosa Carreiras
Fernando Arribas Arias
Comisarios

Do 20 ao 28 de setembro
De 18.00 a 21.00 h

Xornadas teórico-prácticas
sobre a sensualidade e o erotismo

Avance de Programa

XOVES, día 20

O cine erótico e pornográfico en Lugo. Fernando Arribas Arias, investigador da Historia do Cine e Responsable de Difusión da Rede Museística Provincial de Lugo.

A filla que aleita ao seu pai. Antonio Reigosa Carreiras, investigador da literatura de tradición oral e Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística Provincial de Lugo.

VENRES, día 21

Contos colorados. O erotismo na literatura popular. Xosé Miranda Ruiz, escritor e investigador da literatura de tradición oral. Covadonga López de Prado y Nistal, directora do Museo Masso de Buen (Pontevedra).

LUNS, día 24

O erotismo na arquitectura románica. Pilar Sánchez Monje, historiadora da Arte.

MARTES, día 25

A música erótica. Abraham Cupéiro, musicólogo.

MÉRCORES, día 26

Literatura erótica: Poesía. Olga Novo, escritora e investigadora de Literatura Galega.

Literatura erótica: Narrativa. Isidro Novo, escritor.

Avance de Programa

XOVES, día 20

O cine erótico e pornográfico en Lugo. Fernando Arribas Arias, investigador da Historia do Cine e Responsable de Difusión da Rede Museística Provincial de Lugo.

A filla que aleita ao seu pai. Antonio Reigosa Carreiras, investigador da literatura de tradición oral e Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística Provincial de Lugo.

VENRES, día 21

Contos colorados. O erotismo na literatura popular. Xosé Miranda Ruiz, escritor e investigador da literatura de tradición oral. Covadonga López de Prado y Nistal, directora do Museo Masso de Buen (Pontevedra).

LUNS, día 24

O erotismo na arquitectura románica. Pilar Sánchez Monje, historiadora da Arte.

MARTES, día 25

A música erótica. Abraham Cupéiro, musicólogo.

MÉRCORES, día 26

Literatura erótica: Poesía. Olga Novo, escritora e investigadora de Literatura Galega.

Literatura erótica: Narrativa. Isidro Novo, escritor.

Museo Provincial de Lugo
T 982 242 112
info@museolugo.org

Museo Pazo de Tor
T 982 165 534
pazodetor@museolugo.org

Comunicación / Difusión da Rede Museística
T 982 242 112
info@museolugo.org

Museo Provincial de Mar
T 982 594 572
museodemar@museolugo.org

Xerenda Rede Museística
T 620 280 203
xerenda-redemuseos@deputacionlugo.org

Museo Etnográfico San Paio de Narla
T 982 375 156
sanpaiodenarla@museolugo.org

<http://arteparagozar.blogaliza.org>
www.museolugo.org

